



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

REXISTRO XERAL

15.ABR99 02495

SAIDA

Na resolución do 3 de decembro da Universidade de Santiago de Compostela (BOE do 24 de decembro) polo que se publica o Plano de estudos para a obtención do título de Licenciado en Historia da Arte aparecen uns erros na vinculación de determinadas materias optativas a ciclo. Concretamente estas materias aparecen vinculadas ó primeiro ciclo cando na proposta do plano de estudos aprobado en Xunta de Goberno estaban vinculadas ó segundo ciclo.

No libro de matrícula estas materias aparecían ofertadas como optativas do segundo ciclo, excepto no curso actual de 1998/99 no que aparecen vinculadas ó primeiro ciclo, tal e como esta publicado no BOE.

Para que esta discrepancia non provoque ningún tipo de problema nos alumnos que pretendan licenciarse o rematar estes estudos é preciso adopta-las medidas necesarias ata que esta corrección de erros sexa publicada no correspondente Boletín Oficial do Estado.

Por todo o indicado resolvo

UNICO.- As materias optativas que a continuación se relacionan que no Plano de Estudos de Licenciado en Historia da Arte figuran vinculadas ó primeiro ciclo deben considerarse do segundo ciclo, tal e como no seu día foi aprobado pola Xunta de Goberno desta Universidade.

MATERIAS	CICLO O QUE CORRESPONDEN
Historia e Cine (446311432)	Segundo ciclo
Historia do Cine Español (446311332)	Segundo ciclo
Historia da Música Española (446311331)	Segundo ciclo
Historia da Música Galega (446311431)	Segundo ciclo
Arte Prehistórica e das Altas Culturas (446311426)	Segundo ciclo

Santiago de Compostela, 13 de abril de 1999

O RECTOR,

(Por D. De r.r. do 8/04/99)

O VICERECTOR DE PROFESORADO




Cástor Méndez Paz

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións, Sr. Secretario Xeral, Sr. Decando da Facultade de Xeografía e Historia, Sra. Xefe do Servicio de Alumnado, Sr. Director do SEIN, Sr. Director do COIE, Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur.